# ANACOS

## A VOZ DOS NENOS







CEIP DE BUEU

Curso 1999-2000

Durante o curso 1999-2000 un grupo de profesores de Infantil e Primaria do CEIP 'A Pedra' de Bueu viñeron a realizar un Proxecto de Formación de Profesores en Centro titulado "ELABORACIÓN DUN NOVO ENFOQUE DA LECTO-ESCRITURA PARA INFANTIL E PRIMARIA". A coordinación do curso estivo a cargo de Marina Isabel Santiago Esperón. Traballo que pretendeu repercutir directamente en beneficio dos alumnos ó través do seu labor na aula. Destacar que tódolos alumnos participaron activamente nos traballos prantexados na clase e que, entre outros, dou froitos coma este xornal.

Os profesores participantes son:

| | |
|---|---|
| BLANCO RODRIGUEZ, ROSA | E. Infantil |
| CHAMADOIRA FORTES, MARIA | E. Infantil |
| FERRADANES PIÑEIRO, ANTONIA | E. Infantil |
| IGLESIAS RODRIGUEZ, CARMEN | E. Infantil |
| LEMOS SOAGE, MARIA ISABEL | E. Infantil |
| SANTIAGO ESPERON, MARINA ISABEL | E. Infantil |
| REY CASAS, RICARDO | E.F. de Primaria |
| CAZORRO PEREZ, Mº DEL CARMEN | E. Especial |
| LOIS SALGADO, ESTHER R. | 4º de Primaria |
| SANCHEZ CIDRAS, ARTURO | 4º de E. Primaria |
| SEOANE PAREDES, ANTONIO | 4º de E. Primaria |
| RIAL REINO, CARMEN JULIA | 2º de E. Primaria |
| FERNANDEZ MAMOA, Mª REMEDIOS | 2º de E. Primaria |
| ROGEL LOPEZ, CARMEN | 1º de E.Primaria |
| LOIS BASCOY, TERESA | 1º de E. Primaria |
| MARTINEZ LOPEZ, CARMEN | 1º de E. Primaria |

xuño 2000

# DOMINGO 7 MAIO 2.000
# DIA DA NAI




INFANTIL 3 ANOS

OS NENOS DE INFANTIL DE 3 ANOS REGALARONLLE AS SUAS NAIS UNHA LIBRETA DECORADA FEITA EN "COLLAGE" CUN DEBUXO DUN OSO PANDA.
OS NENOS DE 4 E 5 ANOS TAMEN A FELICITARON.

# SAÍDAS DOS NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

DURANTE O CURSO OS NENOS E NENAS DO NOSO COLEXIO FIXEMOS VARIAS SAIDAS:



- OS DE <u>3 ANOS</u> FORON A UN SUPER-MERCADO DE BUEU



- OS DE <u>4 ANOS</u> VISITAMOS OS BOMBEIROS E O CENTRO COMERCIAL A BARCA



- OS DE <u>5 ANOS</u> VISITARON A BIBLIO-TECA DE PONTEVEDRA E O DIARIO DE PONTEVEDRA

# EXCURSIÓNS

O DIA 31 DE MAIO OS NENOS E NENAS DE CATRO ANOS IMOS IR DE EXCURSIÓN COAS NOSAS PROFESORAS E TAMEN IRÁ CONNOSCO ALGUNHA MAMÁ.







SE QUEREDES SABER O QUE IMOS FACER A SEGUINTE CANCIÓN TEREDES QUE LER.



MÉRCORES É UN DIA ESPECIAL
PARA IR DE EXCURSION
Ó AEROPORTO DE PEINADOR
PARA VER OS AVIÓNS.
LOGO IREMOS A PLUTON PARK
PARA RIR E XOGAR
CANSADOS DE TANTO PASEAR
IREMOS A XANTAR.
POLA TARDE IREMOS Ó ZOO
PARA VER ANIMAIS
OSOS, MONOS E ALGUN LEON
E SERPENTES DE VERDAD.
¡QUE BEN O PASOI MIRANDO PARA OS PATOS
E CORRENDO POLÓ ZOO
PERO XA É TARDE VOLVEMOS PARA A CASA
CON ALEGRIA E BO HUMOR.









"OS DE TRES ANOS VAN IR A "CASTIÑEIRAS" E OS DE CINCO ANOS Á GRANXA "SARANTELOS".

# OS MAIOS

## COPLAS

-OS MAIOS FANSE PARA DAR A BENVIDA A PRIMAVERA, DE FEITO PARA FACELOS UTILIZANSE PRODUCTOS DA NATUREZA COMO: FLORES, FROITAS E RAMALLOS.

-OS MAIOS NA NOSA ZONA TEÑEN UNHA FEITURA ESPECIAL TEÑEN FORMA CÒNICA PARA FACELO NECESITAMOS FACER UN ESQUELETO DE MADEIRA QUE LOGO CUBRIREMOS BEN TUPIDO COMO SI FORA UN TRAXE DE FIUNCHOS E XESTAS.

-UNHA VEZ FEITO O TRAXE ADORNAREMOLO CON FLORES, FROITAS, OVOS ...

-LOGO O' REDOR DOS MAIOS CANTANSE COPLAS, QUE PODEN SER DE CRITICA, O' REFERIDAS A NATUREZA.

*PARA FACER ESTE MAIO TIVEMOS QUE IR A BUSCAR AS FRORES, EO FIUNCHO POLAS FINCAS DO LUGAR.

*NON SEI SI ESTE ANO PODREMOS IR DE EXCURSION PORQUE O CERQUEIRO COBRANOS UN MONTON.



INFANTIL - 5 ANOS

# HUMOR













Educación infantil 5 anos

—¿Qué lle di o leite ó azucre?
—Atoparémonos no café.



# CHISTES



¡Ring!
—¿Está Conchita?
—Non, estou con Tarzán

¡Riing!
—¿A carnicería?
—Dígame
—¿Ten cabeza de xabaril, lomo de porco, zanco de polo e rabo de coello?
—Si
—¡Pois debe de ser vostede feísimo!



AULA DE E. ESPECIAL

# FESTIVAL FIN-DE-CURSO 2.000 DO C.E.I.P DE BUEU



Entrevista a presidenta da A.P.A (15-Maio-2000)

Boas tardes Sra presidenta. Imoslle a facer unhas preguntas sobre o festival de fin de curso.

¿Qué día será o festival?

-O 10 de xuño a partir das 5 da Tarde.

¿onde se vai festexar?

-No pabellón de deportes de Bueu

¿Qué actuacións se van a facer?

-Exhibicion de Taekwondo, -Baile de aerobic, -ximnasia ritmica. -unha demostración de ximnasio.

¿Colaboran os profesores?

-Si,

primeira

# CONCURSO DE CONTOS

CEIP DE BUEU
Letras Galegas 2000

PARA ALUMNOS DE INFANTIL E PRIMARIA

**VI CONCURSO de CONTOS**

¡ANIMO! CONTANOS O TEU CONTO

Data de entrega ata o
sabado 6 de maio de 2000

Rapaces do cole participamos no concurso de contos das Letras Galegas.

Ainda que habera premios, a nos o que nos gusta e participar.

| | |
|---|---|
| | **COLEXIO PÚBLICO DE BUEU**<br>Rúa DA PEDRA, 26<br>36930-BUEU<br>Telf./Fax 32 00 50 |
| *Data:* 29 de marzo de 2000 | *Asunto:* VI Concurso de CONTOS<br>*Destinatarios:* Centros Educativos dos Concellos do Morrazo |

O CEIP de Bueu, convoca o VI Concurso Literario, como en anos anteriores dedicado ós Contos.

**BASES**

1º Poderán participar tódolos alumnos de E. Primaria dos Colexios do Morrazo así como do 1ºciclo da E.S.O do Concello de Bueu.

2º O idioma a empregar será o galego.

3º Haberá catro grupos ou categorías:

- A.- Para alumnos do Primeiro Ciclo de Primaria
- B.- Para alumnos do Primeiro Ciclo de Primaria
- C.- Para alumnos do Primeiro Ciclo de Primaria
- D.- Para alumnos do 1º Ciclo da E.S.O.
- E.- Expecial para Infantil

4º Concederanse para cada grupo tres premios: Material didáctico, diploma e publicación, alomenos dos dous primeiros de cada categoría, nun número especial da revista "O CANDIL"

5º Os concursantes poderán presenta-los CONTOS, con tema libre. Os contos comprenderán un mínimo dun folio e un máximo de tres, mecanografiados ou escritos á man, por unha soa cara. Se o desexan, e sen intervir para a selección, poderán facer algun debuxo alusivo o conto (servirá para maquetarlle o conto na revista no caso de ser premiado).

6º Os traballos poderánse mandar por correo ou entregar persoalmente ata o sábado 6 de maio, no CEIP de BUEU, rúa Da Pedra, 26 36930-BUEU, indicando nos mesmos: nome do autor, idade, curso e Colexio.

7º A entrega de premios farase no acto que, co gallo do Día das Letras Galegas, o venres 19 de maio (Remitiráse previamente ós centros gañadores así comose confirmará lugar e hora de celebración e entrega).

8º Tódolos traballos pasarán a ser propiedade do CEIP de Bueu, que se reserva a posibilidade da súa publicación.

9º O feito de participar implica a aceptación de tódalas bases.

primero

# ENCRUCILLADO




1. Nome de frutas.
2. Rapaz.
3. Animal que ten trompa.
4. A terra.
5. Nome de flor.
6. Caixa de cristal.
7. Nome de muller.

# SOPA DE LETRAS

Concellos do Morrazo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| C | M | A | R | I | N |
| A | B | E | C | C | L |
| N | H | B | U | E | U |
| G | J | R | S | M | I |
| A | M | O | A | Ñ | A |
| S | L | T | O | A | L |

primeiro

# ADIVIÑAS

ten dentes e non come
ten cabeza e non e home



ten ollos
e non e baixo
rios e arroios
pasan por debaixo
(pontes)

¿ Como estaba o pan ?

+ →  que unha 

Verde son, verde serei
non me toques que che picarei

# REFRANS



Castañas noces e viño fan as delicias
de San Martiño



Marzo marzán pola mañan cariña
de rosa e pola tarde cara de can



Marzo ventoso e Abril chuvioso tran a Maio
florido e fermoso



Maio me mollou Maio me enxugou

2º curso

# Manuel Murguía (1833-1923)

4º A



Manuel Murguía naceu
no ano 1833, na Coruña.




O seu pai era boticario.



Casou con Rosalía de Castro
o 10 de outubro de 1858.



Tiveron sete fillos.
Era unha gran familia.




A súa achega principal foi
o estudio da Historia de Galicia.



En 1905 foi nomeado Presidente da
Real Academia.

# Día das Letras Galegas

O día dos letras galegas foi instituido por iniciativa da Real Academia galega coa aprovacion do Ministerio de información e Turismo, para commemoralo.



## Manuel Murguía

Murguia naceu o 17 de Maio de 1933. Seu pai era boticario. Cursou estudios de filosofía e Medicina e farmacia. A sua primeira novela 'Desde el cielo' a escribiu cando contaba 17 anos. Foi historiador. Con 20 anos, marcha a Madrid, onde casou con Rosalia, tiveron 7 fillos. Foi presidente de Academia galega con sede na Coruña ata a sua morte, en 1923

# A N A C O S



## CEIP DE BUEU